

BASES “O RONSEL VERDE”

1.- Obxectivos xerais:

O RONSEL VERDE é un programa de educación ambiental que pretende crear actitudes e comportamentos respectuosas co medio ambiente, formando cidadáns interesados na busca, explicación e solución de problemas ambientais.

Búscase coñecer os elementos medioambientais da contorna para fomentar o sentido de pertenza, executando accións ecolóxicas para a protección e mellora do medio.

2.- Tipo de actividades:

Actividades de sensibilización e respecto polo medio ambiente abordadas dende o coñecemento da biodiversidade local e a identificación e solución de problemas. Realizaráanse obradoiros de reciclaxe e saídas para o recoñecemento de especies *in situ*, entre outras.

3.- Información xeral:

Datas:

Grupo A: mércores, 4º, 5º e 6º Primaria.

Grupo B: xoves, 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Do 12 de febreiro ao 20 de abril.

Horario: de 17 a 19 horas.

Lugar: Aula Activa do Mar.

Nº máximo de prazas: 15.

Nº mínimo prazas: 5.

4.- Destinatarios

Alumnas e alumnos de 4º Primaria a 4º ESO, interesadas en ampliar o coñecemento da súa contorna natural e participar no coidado do medio ambiente.

5.- Inscricións

As persoas que desexen participar neste programa deberán inscribirse na Aula Activa do Mar ou no Museo do Mar. Tamén poderán facelo a través do teléfono 667185579 ou no correo medioambiente@concelloderianxo.gal.

O prazo máximo de inscricións será ata o 9 de febreiro as 14:00.

6.- Selección

A orden de preferencia será:

1º Por orde de inscrición tendo prioridade as persoas empadroadas no concello de Rianxo.

2º Por orden de inscrición.

7.- Participantes admitidos

Confirmarase a admisión mediante e-mail.